


ARTESÁS

Impulsando o talento artesán feminino no rural galego



FUNDACIÓN PÚBLICA
GALEGA DA FORMACIÓN
PARA O TRABALLO



ARTESÁS é un programa de formación, dinamización e acompañamento profesional dirixido a mulleres artesás do medio rural galego, organizado dende a Xunta de Galicia, a través da colaboración da Fundación Pública Galega da Formación para o Trballo, (FuNGATRA) e da Fundación Pública Artesanía de Galicia.

A iniciativa nace co obxectivo de impulsar a profesionalización, a empregabilidade e a visibilidade das mulleres artesás, poñendo en valor o seu papel como transmisoras de oficios, cultura e identidade no rural galego.

O programa combina unha primeira fase de formación práctica e creación de rede, aberta a un máximo de 40 participantes, cunha segunda fase de mentoring individualizado para 12 proxectos seleccionados. A través de píldoras formativas, encontros presenciais, networking e asesoramento especializado, as participantes traballarán aspectos clave como a xestión económica, a marca persoal, a fixación de prezos, a proposta de valor, as redes sociais e a colaboración entre proxectos.

ARTESÁS busca fortalecer o sector artesán galego desde unha perspectiva profesional, colaborativa e territorial, favorecendo a consolidación de proxectos sostibles e a creación de redes de apoio entre mulleres artesás do medio rural.

FASE I

I. OBXECTIVOS XERAIS

- Impulsar a figura da muller no sector da artesanía rural galega.
- Poñer en valor a figura da muller artesá como vínculo coa tradición cultural e profesional no rural galego.
- Ofrecer unha visión profesional do negocio da artesanía a través dunha formación dinámica e participativa.
- Traballar, preferentemente, con mulleres que xa están a desenvolver o seu traballo como artesás e contan co obradoiro inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía da Xunta de Galicia.
- Promover a colaboración entre as mulleres participantes.

II. DIFUSIÓN DO PROGRAMA, CAPTACIÓN E SELECCIÓN DE PARTICIPANTES

- a. Lanzamento do programa e apertura de inscricións: 27 de maio.
- b. Peche de inscricións: 5 de xuño.
- c. Prazas ofertadas: 40 (preferencia para mulleres que contan co obradoiro inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia).

III. PROGRAMA FORMATIVO

- **Horas de formación:** 18 (incluíndo as actividades presenciais)
- **Primeiro encontro presencial e presentación do programa e as mulleres participantes:** 10 de xuño (de 10 a 14 horas).

10.00 Benvida institucional

10.15 Presentación dos obxectivos do programa

10.30 Primeira pílula formativa: identifica as túas competencias emprendedoras

12.30 Networking

14.00 Peche

- **Pílulas formativas** (formato online: 09.00 a 11.00 horas):

12 de xuño: Identifica as túas competencias emprendedoras.

16 de xuño: Os números axúdannos a tomar decisións.

18 de xuño: A nosa marca persoal, selo diferencial.

22 de xuño: Fixar prezos para vender mellor.

25 de xuño: A nosa proposta de valor fainos diferentes.

29 de xuño: As miñas amigas as redes sociais

- **Segundo encontro presencial e peche da primeira fase do programa:**
30 de xuño

10.00 Benvida institucional

10.15 Pílula formativa: Se nos aliamos, gañamos

12.15 Selección das 12 participantes que acceden ás mentorías, que se desenvolverán na fase II.

12.30 Networking

14.00 Peche

FASE II

I. OBXECTIVOS XERAIS

- Ofrecer unha visión profesional do negocio da artesanía.
- Traballar con 12 mulleres que xa están a desempeñar o seu traballo como artesás e contan co obradoiro inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía da Xunta de Galicia.
- Apoiar a estas artesás nos procesos de mellora da súa actividade profesional.
- Promover o apoio e a colaboración entre as mulleres participantes.
- Difundir a súa actividade e promover os seus negocios.

II. PLANIFICACIÓN CRONOGRÁFICA

- a. Análise e diagnóstico da situación das actividades participantes (do 8 ao 16 de setembro).
- b. Entrevistas individuais e de visita aos seus locais de negocio.
- c. Determinación de obxectivos de mellora.
- d. Emparellamento cun mentor ou mentora da área de traballo a mellorar.

III. PROGRAMA FORMATIVO

- **Primeiro encontro presencial (24 de setembro):** de 12.00 a 15.00 horas
 - 12.00 Benvida institucional
 - 12.15 Presentación das necesidades detectadas
 - 12.30 Presentación pública por parte de cada muller artesá
 - 13.00 Explicación da metodoloxía de asesoramento
 - Que son as asesorías e cal é a función dun/a asesor/a?
 - O proceso do emparellamento entre emprendedora e asesor/a
 - O acordo da relación e os compromisos adquiridos
 - A construción compartida dos obxectivos para alcanzar
 - A planificación das axendas das sesións de traballo (presencial e online)
 - 14.00 Networking
 - 15.00 Peche
- **Actividade de Asesoramento (do 24 de setembro ao 24 de outubro)**
 - Número estimado de horas de traballo para cada muller artesá: 8 horas
 - Selección do equipo de asesores/as en función das necesidades detectadas.
 - Calendario: a fixar por acordo entre a muller artesá e o/a asesor/a (cálculase entre 6 e 12 sesións, dependendo da súa duración).
 - Proceso de matching ou emparellamento:
 - Presentación do/a asesor/a asignado e firma do acordo para o inicio da relación
 - Programación de obxectivos a alcanzar.
 - Planificación e celebración das sesións de asesoramento
 - Avaliación e peche das actividades persoais.

- **Segundo encontro presencial e peche do programa (8 de novembro):**
de 13.00 a 15.00 horas
 - 13.00 Benvida institucional
 - 13.15 Presentación dos obxectivos alcanzados
(tras pasarlle un cuestionario anónimo de avaliación a todas as participantes e ao equipo de asesores/as)
 - 13.45 Presentación pública por parte de cada muller artesá
 - 14.00 Networking
 - 15.00 Peche

Inscricións en <https://artesaniadegalicia.xunta.gal/gl/formacions>